**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO NOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN-EMPREGO DO TALENTO MOZO E OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO OE MONTE FEIXA**

O *Obradoiro de Emprego Monte Feixa* é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cofinanciado polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social, e promovido polo concello de Muros xunto co concello de Carnota.

**As especialidades a impartir son as seguintes:**

- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309) nivel 1 de cualificación (10 alumnos/as)
- Aproveitamentos forestais (AGAR0108) nivel 2 de cualificación (10 alumnos/as)

**A distribución por concellos é a seguinte:**

- Concello de Muros: 13 alumnos/as
- Concello de Carnota: 7 alumnos/as

As actuacións a realizar son as seguintes:

**Concello de Carnota**

• Aproveitamentos forestais e xestión da biomasa forestal GUL

• Aproveitamentos forestais e xestión da biomasa forestal LOM

• Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes CÑBIC

• Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes CÑCLC

**Concello de Muros**

• Aproveitamentos forestais e xestión da biomasa forestal CEM

• Aproveitamentos forestais e xestión da biomasa forestal MIR

• Aproveitamentos forestais e xestión da biomasa forestal PEM

• Aproveitamentos forestais e xestión da biomasa forestal RAT

• Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes DEPLO

• Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes ZVCDC

• Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes ZVPAN).



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

O obradoiro de emprego terá unha duración de **9 meses** e formará a 20 alumnos/as traballadores/as. O alumnado traballador será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación en alternancia de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, modificado polo Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro dual de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 1 mestre para a especialidade de *Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes* (a xornada completa)
- 1 mestre para a especialidade de *Aproveitamentos forestais* (a xornada completa)
- 1 titor/a que tamén fará funcións de mestre de educación básica (ao 50% da xornada)
- 1 auxiliar administrativo (a xornada completa)

De conformidade co establecido na normativa reguladora destes programas, o presente proceso selectivo non terá a consideración de procedemento de selección de persoal ao servizo das administracións públicas, non sendo de aplicación a normativa propia de acceso ao emprego público nin xerando dereito á incorporación aos cadros de persoal da entidade promotora

Á vista da normativa exposta, o sistema de selección fundamentase nos seguintes procedementos:

## 1. GRUPO DE TRABALLO

O grupo de traballo mixto ou comisión de selección estará formado por catro persoas, tres en representación do Concello de Muros e unha en representación do Concello de Carnota. A presidencia do grupo de traballo recaerá nunha das persoas que actúan en representación do Concello de Muros (entidade promotora). Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

A composición do grupo de traballo é a seguinte:

- Presidencia: Irene Espasandín Bermúdez; Suplente: Rosa María Monteagudo Rey
- Secretaria: Graciela Castro Alvela; Suplente: Inés Tajes Grille
- Vogal: Manuel José González Castro; Suplente: María Dolores Pena Pena
- Vogal: Rosa María Lama Vilela; Suplente: María Margarita González González

O grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do grupo de traballo, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa suplente,.

Este proxecto terá como data límite para o seu inicio, con carácter xeral, o **1 de xuño de 2026**, segundo se establece na Resolución de concesión da axuda, salvo que se conceda unha prórroga da data de inicio.

**Incidencias e reclamacións**: As incidencias e reclamacións que se puidesen suscitar derivadas dos procesos de selección serán resoltas polo grupo de traballo.

Este grupo de traballo será quen de determinar as cuestións que sexan necesarias para o correcto funcionamento deste e decidirá sobre aqueles aspectos que sexan precisos na relación co servizo Público de Emprego de Galicia para a consecución dos obxectivos do proceso como poden ser o establecemento das datas de realización das sondaxes, realización das entrevistas e presentación da documentación xustificativa dos méritos.

As reclamacións irán dirixidas ao grupo de traballo mixto podendo presentalas no rexistro do Concello de Muros, no do Concello de Carnota ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de presentar a solicitude nunha oficina de correos, as persoas aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia dentro do prazo para presentar a reclamación ao enderezo electrónico: notifica@muros.gal

A data de publicación dos acordos do grupo de traballo mixto a todos os efectos, será a da publicación dos mesmos na sede electrónica do Concello de Muros

## 2. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN ALUMNADO TRABALLADOR

**Sistema de selección:** Oferta tipo T (Taller de Emprego)

**Localidade:** Ámbito dos concellos de Muros e Carnota. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

**Idade:** 18 ou máis anos.

**Situación Laboral**:

Persoas desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada tanto no momento da selección como no da súa contratación e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación en alternancia durante toda a duración do obradoiro.

**Criterios preferentes de selección:** O grupo de traballo deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11º da Orde do 21 de abril de 2023 (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023), segundo baremo incluído nestas bases.



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 1 ou 2 , cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados (art. 11.1 da orde de convocatoria de subvención).

**Participación en programas anteriores:**

Non poderán participar no proceso selectivo aquelas persoas que tiveran participado en máis de tres obradoiros de emprego, escolas obradoiro ou programas de formación e emprego con anterioridade á presente convocatoria, agás nos supostos excepcionais previstos na normativa aplicable.

En todo caso, terán carácter preferente as persoas candidatas que non participaran en programas de formación e emprego ou obradoiros duais de emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores.

No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego, con independencia de que o rematase con resultado de superado ou non, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional, excepto que o certificado que curse sexa de nivel superior

En ningún caso, poderán participar en obradoiros duais de emprego persoas que xa tivesen participado en tres obradoiros con anterioridade a esta convocatoria, agás cando se trate de participación en obradoiros para cursar especialidades formativas correspondentes ás familias profesionais agraria ou de seguridade e ambiente, referidas na exposición de motivos desta orde, caso en que non aplica esa limitación de ter participado en tres obradoiros

O número máximo de persoas a preseleccionar será determinado polo grupo de traballo e o mínimo será, se é posible, de 60 (3 por praza). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das seguintes claves:

320: Escolar taller programas

330: Casa de oficio

340: Taller de emprego

370: Outros programas de emprego formación dual

As presentes bases reguladoras, unha vez aprogadas, serán remitidas á oficina de emprego correspondente con carácter previo ou simultáneo á tramitación da oferta de emprego, de conformidade co establecido nas instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada polo grupo de traballo que aplicará o baremo establecido no anexo II, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego.

Para esta baremación so se terá en conta e valorará a documentación presentada no momento da



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

entrevista. Excepcionalmente, e sempre que concorran causas debidamente xustificadas non imputables á persoa candidata, o grupo de traballo poderá admitir a presentación de documentación complementaria con posterioridade, sempre antes da publicación das puntuacións provisionais e garantindo en todo caso os principios de igualdade de trato e non discriminación entre as persoas aspirantes

A entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, ten como obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

1. O maior tempo acreditado como desempregado
2. Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia deemprego da Xunta de Galicia
3. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
4. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
5. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
6. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
7. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
8. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
9. O de maior idade

**Convocatoria das probas:**

Unha vez se teña a lista das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, o grupo de traballo encargarase de comunicarlles ás persoas candidatas o prazo para presentar a documentación e o calendario das probas de selección. As persoas que non presenten a documentación e/ou que non acudan ás convocatorias das distintas fases do proceso quedarán excluídas. O grupo de traballo poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citadas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo grupo de traballo.

**Puntuación das probas:**

En primeiro lugar publicaranse as puntuacións da fase de entrevista e, posteriormente, publicaranse as puntuacións de entrevista xunto coas puntuacións correspondentes a fase de valoración do baremo. No caso de querer presentar reclamación, deberase facer unha vez publicadas as



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

puntuacións de entrevista e valoración de baremo. A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros, do Concello de Carnota e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Cee debendo figurar o prazo para presentar reclamacións. Debido á premura de tempo derivada da necesidade de inicio do proxecto na data límite establecida na resolución de concesión da subvención, o prazo para a presentación de reclamacións establécese, como máximo en tres días hábiles. Este prazo comezará a contar dende a publicación do anuncio na sede electrónica do Concello de Muros

**Puntuacións finais e contratación como alumnado traballador:**

Unha vez que remate o proceso, a entidade promotora establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento que virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento realizado. Determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumnado traballador pola entidade promotora. Elaborarase unha lista de reserva segundo a orde de puntuación acadada e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerase a ela. O grupo de traballo redactará as correspondentes actas e remitirá á xefatura territorial a relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

Unha vez finalizado o proceso selectivo, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego correspondente a relación das persoas seleccionadas, así como a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos, aos efectos da súa validación e continuidade do procedemento, de conformidade co establecido nas instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

### 3. PROCEDEMENTO SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO:

**Convocatoria:**

Para levar a cabo o procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio presentaranse as correspondentes ofertas de emprego no Servizo Público de emprego de Galicia, na súa oficina de Cee. O grupo de traballo informará á antedita oficina de emprego tanto da forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos méritos como de realización da entrevista. Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego, e terán preferencias as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego (artigo 12.4).

O grupo de traballo determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto. O ámbito da sondaxe serán os concellos de Muros e Carnota, ampliándose, no caso de non se obter un número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertence o concello promotor e de ser necesario, a toda a provincia ou por último, á Comunidade Autónoma de Galicia. A oferta tamén será obxecto de difusión pública no portal de emprego do servizo público galego de Galicia por un período mínimo de 2 días hábiles.

**Convocatoria das probas:**



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

A entidade promotora presentará a oferta de emprego a partir do día 4 de maio de 2026. Unha vez realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará as persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos (só se vai a ter en conta a documentación que se presente nese momento, non se valorará a documentación que se poida achegar máis tarde); tamén se lle indicará ás persoas candidatas o lugar e hora na que terá lugar a entrevista. As persoas que non se presenten ás distintas fases do proceso quedarán excluídas.

**Fases do procedemento selectivo:**

**A. Entrevista**

Realizarase en primeiro lugar e faranse públicas as puntuacións no local onde ser realizou a entrevista, nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Muros e Carnota e nas páxinas web municipais www.sede.muros.gal, www.sede.carnota.gal e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Cee Esta fase non é eliminatoria, pero quedarán excluídas do proceso as persoas que non se presenten. Consistirá nunha entrevista individual na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. De non presentarse á entrevista un número mínimo de 3 candidatos/as por posto o grupo de traballo poderá, se o considera necesario, ampliar a sondaxe de oferta para que se poidan presentar máis candidatos/as, quedando a publicación da puntuación da entrevista dos/as candidatos/as presentados en suspenso ata que se fagan as novas entrevistas e publicaríanse as puntuacións provisionais todas xuntas.

**B. Valoración de méritos**

Consiste na valoración dos méritos achegados polas persoas candidatas, segundo o indica no ANEXO II. Faranse públicas as puntuacións no local onde se realizou a entrevista, nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Muros e Carnota e nos sitios web municipais www.sede.muros.gal, www.sede.carnota.gal e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Cee.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran ou non acrediten documentalmente os requisitos de titulación e/ou experiencia profesional esixida, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremación.

**Puntuación das probas:**

En primeiro lugar publicaranse as puntuacións da fase de entrevista e, posteriormente, as puntuacións de entrevista xunto coas correspondentes á fase de valoración do baremo. No caso de querer presentar reclamación, deberase facer unha vez publicadas as puntuacións da entrevista e a valoración de méritos. A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros, do Concello de Carnota e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Cee debendo figurar o prazo para presentar reclamacións. Debido á premura de tempo derivada da necesidade de inicio do proxecto na data límite establecida na resolución de concesión da subvención, o prazo para a presentación de reclamacións establécese, como máximo en tres días hábiles.

**Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas:**

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

orde de prelación:

a) O maior tempo acreditado como desempregado segundo informe da vida laboral.

b) Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.

c) A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.

d) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.

e) De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.

f) A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.

g) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.

h) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.

i) O de maior idade.

**Puntuacións finais e contratación:**

Rematada a derradeira fase, a entidade promotora, por proposta do grupo de traballo, establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. As puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento selectivo e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa contratación. Coas restantes persoas que superaron o proceso de selección constituirase unha bolsa de emprego para cubrir posibles vacantes que poidan xurdir. Esta bolsa extinguirase unha vez finalizado o obradoiro.

Unha vez finalizado o proceso selectivo, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego correspondente a relación das persoas seleccionadas, así como a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos, aos efectos da súa validación e continuidade do procedemento, de conformidade co establecido nas instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

**Publicacións e/ou notificacións:**

O grupo de traballo acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Cee e nos taboleiros de anuncios das sedes electrónicas dos concellos de Muros e Carnota.

**Incidencias:**

O grupo de traballo queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido nas bases.

**Datos de carácter persoal:**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Muros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e xustificación da subvención que financia estas contratacións. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do concello de Muros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos artigos 11 e ss. da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

**Cómputo de prazos e presentación de reclamacións:**

As reclamacións dirixiranse ao grupo de traballo mixto, podendo presentalas no rexistro do Concello de Muros, no Concello de Carnota ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de presentar a solicitude nunha oficina de correos, as persoas aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia dentro do prazo para presentar a reclamación ao enderezo electrónico: notifica@muros.gal.

A data da publicación dos acordos do grupo de traballo mixto, para todos os efectos e, en particular, para o cómputo de prazos, será a da publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros. Debido á premura de tempo derivada da necesidade de inicio do proxecto na data límite establecida na resolución de concesión da subvención, o prazo para a presentación de reclamacións establécese, como máximo en tres días hábiles.



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

# ANEXO II
# SELECCIÓN DE PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE, DE APOIO E ALUMNADO TRABALLADOR

## BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO TRABALLADOR

### A. Entrevista (puntuarase ata un máximo de 14 puntos)

Valorarase o interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

### B. Valoración de méritos (puntuarase ata un máximo de 24 puntos)

1. **Idade** (acreditado mediante copia DNI)

   18 a 29 anos: 4,00 puntos

   30 a 40 anos: 3,75 puntos

   40 a 65 anos: 3,25 puntos

2. **Participación noutros obradoiros**

   Persoas que non participaron nun obradoiro/programa de emprego nas últimas cinco convocatorias. 8 puntos

3. **Protección por desemprego** (acreditado mediante certificado)

   Persoas perceptoras de prestación por desemprego: 2,00 puntos

   Persoas perceptoras de subsidios (RAI, SED...): 3,00 puntos

   Persoas non perceptoras: 4,00 puntos

4. **Tempo en desemprego dende o último traballo** (segundo o informe de vida laboral)

   De 1 ata 12 meses: 2,25 puntos

   Máis de 12 meses: 2,50 puntos

   Máis de 18 meses: 2,75 puntos

   Desempregados que nunca traballaron segundo informe negativo da SS: 3,00 puntos

5. **Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social** (acreditado mediante certificado de Servizos Sociais do correspondente concello ou da entidade e/ou organismo que corresponda)

   Persoas beneficiarias da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) e aquelas persoas



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

as que lle fose denegada unha solicitude, ben por falta de período esixido de residencia ou empadroamento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; persoas drogodependentes rehabilitadas acreditadas, ex -reclusos/as, persoas que abandonaron o exercicio da prostitución, traballadores/as inmigrantes residentes da comunidade, emigrante retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, mulleres vítimas de violencia de xénero con medidas en vigor (debe acreditarse documentalmente), persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social: 1,00 punto

6. **Responsabilidades familiares** (acreditado documentalmente)

   Entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar composta pola persoa candidata, cónxuxe, fillo/s menores de 25 anos a cargo ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar a certificación da súa inscrición nos rexistros específicos. A puntuación máxima neste apartado é de 2 puntos

   Unidade familiar de 4 ou máis membros: 2,00 puntos

   Familia monoparental/monomarental con fillos/as: 2,00 puntos

7. **Outros:**

   Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario Profesional de Inserción, IPI (terán que ter asinado o compromiso de actividade antes da data de concesión de subvención, 17 de abril de 2026): 2,00 puntos

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento identificativo válido en vigor sempre que sexan convocadas para cada fase do proceso. E para participar no proceso selectivo deberá figurar na lista remitida pola oficina de emprego e presentar a documentación relativa aos requisitos específicos e circunstancias persoais no día da entrevista, toda aquela documentación que non se presente nese día, non será admitida polo grupo de traballo:

- Copia do DNI.
- Informe de vida laboral (No caso de persoas que nunca estiveran dadas de alta na Seguridade Social solicitarán o informe que acredite esta situación na Tesourería Xeral da Seguridade Social).
- Xustificante de ser perceptor/a ou non dunha prestación (desemprego, subsidio, RAI, SED...)
- Informe, de ser o caso, dos servizos sociais do concello respectivo ou da entidade/organismo correspondente de pertencer a colectivos en risco de exclusión social.
- Responsabilidades familiares (copia do libro de familia e volante de empadroamento). Só no caso de cumprir os requisitos especificados no punto 6 do baremo para a selección do alumnado.



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

- Xustificante de participación en IPI de ser o caso.
- Outros documentos oficiais, de ser o caso, que acrediten requisitos específicos ou a solicitude do grupo de traballo



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

## BAREMO PARA A SELECCIÓN DE 1 DIRECTOR/A

### FUNCIÓNS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo. Tamén coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

A persoa candidata seleccionada tamén se encargará de impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral, impartirá tamén o módulo de iniciación á informática e o de sensibilización medioambiental, así como realizar as tarefas de información, orientación e inserción laboral. Así mesmo, levará a cabo funcións tales como visita a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do programa de emprego, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfís profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade laboral entre os/as alumnos/as traballadores/as. En xeral estará encargado do bo funcionamento do obradoiro, concretamente:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións.
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración e ante o concello de Muros as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisar a formación do alumnado traballador e o labor educativa do persoal docente.
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado traballador.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- Resolución de conflitos entre o persoal e o alumnado.
- Supervisión do cumprimento da medidas de PRL
- Encargarase da xustificación final da subvención.



CVD: wW6UckbWIErp4+ZBrfKa Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Será contratada a xornada completa.

**REQUISITOS MÍNIMOS:**

As persoas candidatas deberán posuír titulación universitaria ou formación equivalente relacionada co posto, así como experiencia profesional adecuada ás funcións a desempeñar. Na oferta que se presente na oficina de emprego indicarase a ocupación, a/as titulación/s máis axeitadas ao posto e/ou a experiencia profesional mínima requirida para poder participar no proceso de selección

O ámbito da sondaxe serán os concellos de Muros e Carnota, ampliándose, no caso de non se obter un número de candidatos/as suficiente da seguinte maneira: aos concellos limítrofes, posteriormente a outros concellos do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertence a entidade promotora e, de ser necesario, a toda a provincia e, por último, a Comunidade Autónoma.

**ENTREVISTA (puntuarase ata un máximo de 8 puntos):**

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

**VALORACIÓN DE MÉRITOS (puntuarase ata un máximo 14 puntos):**

**- Formación académica relacionada coa que se oferte como máis axeitada ao obradoiro (puntuarase ata un máximo 2 puntos):**

Doutoramento: 1,25 puntos

Mestrado universitario de ata 500 horas: 0,75 puntos

Mestrado universitario de máis 500 horas: 1,00 puntos

Posgrao de ata 100 horas: 0,25 puntos

Posgrao de máis de 100 horas: 0,50 puntos

Titulación universitaria ou equivalente relacionada ao obradoiro, por licenciatura ou grao: 1,50 puntos, por diplomatura universitaria, 1,25 puntos

Técnico/a superior da rama correspondente ou equivalente: 0,50 puntos

Técnico/a da rama correspondente ou equivalente: 0,10 puntos

